www.anpabidueiro.es
anpabidueiro@yahoo.es
T 981 648 501 • M 630 837 219

ACTA Nº 2016-17/N2 DE ASAMBLEA ORDINARIA DE SOCIOS da ANPA BIDUEIRO del C.E.I.P. Isidro Parga Pondal celebrada en segunda convocatoria ás 20:15 hs. do 15 de novembro de 2017 coa asistencia de 27 persoas socias, no comedor do Colexio Isidro Parga Pondal de Santa Cruz.

Preside María Esperón, e actúa como secretario Andrés Hernández.

A presidenta, María Esperón, inicia a Asemblea segundo a **orde do día**:

Punto 1.- Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior.

O secretario fai a lectura da acta da asemblea anterior, de maio, a mesma queda aprobada por asentimento das persoas presentes.

Punto 2.- Programa de actuacións para o curso 2017/18.

A presidenta e o secretario expoñen as liñas básicas da programación do curso 2017/18.

A presidenta comeza lembrando a supresión das actividades extraescolares que levaba a cabo o Concello, e a postura adoptada pola ANPA, tal e como se falara na asemblea de maio.

A continuación, expóñense as principais actuacións a realizar: actividades extraescolares do venres (fútbol sala, baloncesto, teatro e xadrez); excursións familiares de outono (xa realizada) e primavera; celebración das festas do Samaín (xa realizada), Nadal e Antroido; participación na Romaxe do Colexio; e en xeral, servizo de atención os martes e venres no local, e intermediación ante as diferentes demandas das familias.

Punto 3.- Informe do estado da xestión do comedor.

Coa ausencia por imprevisto da vicepresidenta, expón de novo a presidenta o estado do comedor: en xeral, satisfacción coa marcha do mesmo, que se atopa en cifras próximas ao tope da súa capacidade; aumento de demanda do servizo de madrugadores, con melloras notables no menú; previsión de melloras na dotación

www.anpabidueiro.es
anpabidueiro@yahoo.es
T 981 648 501 • M 630 837 219

do mobiliario; e demanda de novos servizos, para que os nenos e nenas teñan onde lavar os dentes tras as comidas. Tamén se comenta o bo funcionamento do convenio co Concello para o comedor social.

Punto 4.- Camiño seguro e deficiencias do colexio.

A presidenta dá conta do estado de parálise do proxecto do "camiño seguro", e a decisión da Directiva de ser máis esixentes neste eido, ao levar xa tres anos en proxecto. Así mesmo, infórmase das reunións mantidas para detectar e solucionar as deficiencias do colexio, identificando como dificultade as discrepancias entre Xunta e Concello sobre a quen lle competen determinadas actuacións.

A Directora do Colexio, presente neste momento da Asemblea, pide a palabra para aclarar que o terreo e edificio é propiedade do Concello (e o conseguinte mantemento), e as obras de maior importancia, asúmeas a Xunta.

Punto 5.- Proposta de participación en actividade medioambiental

Coa presenza da directora e orientadora do Colexio, así como da profesora Alicia, responsable da acción, expoñen un proxecto iniciado en 2º de EP ao redor de distintos aspectos medioambientais, e que ten conseguido a implicación e participación de máis alumnado. Detallan o proceso e os plans, e piden a colaboración da ANPA en dous aspectos: económico, para adquirir algún material necesario; e de colaboración en actuacións que impliquen sacar aos nenos e nenas do colexio, para unha maior seguridade.

Punto 6.- Rolda aberta de intervencións.

En primeiro lugar, unha nai expón a súa preocupación sobre a existencia de varios niños de avespa velutina nas inmediacións do colexio, e solicita que a ANPA poida demandar ao Concello a súa retirada.

En segundo lugar, fálase do tema das actividades extraescolares, con numerosas participacións que demandan á ANPA que asuma a xestión das mesmas. Este debate prolóngase no tempo, reiterando a Directiva a postura adoptada e exposta

www.anpabidueiro.es
anpabidueiro@yahoo.es
T 981 648 501 • M 630 837 219

na anterior Asemblea, e comunicada de novo na primeira circular enviada ás familias. O ton deste debate é bastante tenso.

Por último, unha nai quéixase do feito de que aos nenos e nenas de 6º se lles poña como condición para recadar fondos para a excursión de fin de curso na festa de Nadal, que colaboren cunha porcentaxe na finalidade solidaria da mesma. De novo o debate é tenso, e a Directiva mantén a postura de continuar así.

Sendo en Santa Cruz as 22:00 horas levántase a sesión.

O SECRETARIO

ANPA Bidueiro
C.E.I.P. Isidro Parga Pondal
SANTA CRUZ, OLEIROS